

Resumo da unidade 5

XEODINÁMICA EXTERNA. IMPACTOS

Os procesos xeolóxicos externos tenden a nivelar a superficie do planeta, enchendo as zonas deprimidas con sedimentos procedentes da erosión de zonas elevadas. A acción combinada dos procesos xeolóxicos externos e internos modifica constantemente a superficie do terrestre. Estes procesos son.: a meteorización (física ou química), a erosión, o transporte e a sedimentación.

Os fenómenos de aba obedecen á forza da gravidade, son deslizamentos dos materiais que afecta á totalidade da capa de material superficial solto, que resulta da meteorización e provoca inestabilidade. Os factores que actúan sobre as abas son: Os factores condicionantes son de carácter litolóxico, estrutural, climático, hidrolóxico, topográfico, a vexetación e factores desencadeantes inducidos como o trazado de estradas, presas, etc.

Os movementos de aba pódense dividir en dous tipos: movementos en masa (deslizamentos, reptación ou creep, coadas a barro, solifuxión) e movementos de materiais individualizados (avalanchas e desprendementos).

A predición dos movementos de aba o primeiro que pretende é detectar a inestabilidade do terreo as súas posibles causas, tendo en conta diversos factores como son inestabilidade do terreo, a forma de erosión, anomalías na aba, topografía, etc.

A acción combinada dos procesos xeolóxicos externos e internos modifica constantemente a superficie do terrestre modelando da superficie terrestre. A acción dos axentes xeolóxicos externos modela a superficie terrestre, este ciclo chámase gliptoxénese e consta de tres fases: erosión (denudación das zonas elevadas), transporte (mobilización das partículas) e sedimentación (depósito nas cuncas). Os principais modelados son o glaciar, fluvial, desértico e kárstico.

Defínese recurso como todo aquel material que existe na codia terrestre e que teñen ou poden ter valor económico. Os principais son os recursos mineiros, a enerxía procedentes dos combustibles fósiles, a enerxía nuclear e a enerxía xeotérmica.

Distínguense dous tipos de recursos: os renovables, se a velocidade de formación é máis rápida que a velocidade de explotación (enerxía solar, eólica, maremotiz, xeotérmica), os non renovables son aqueles que se forma moi lentamente e a súa velocidade de explotación é moi rápida, son imposible de repoñer a escala humana (combustibles fósiles, minerais metálicos, non metálicos e rochas industriais), os potencialmente renovables son aqueles que son repostos por procesos naturais nun tempo relativamente curto, estes recursos pódese explotar indefinidamente sempre que se faga un uso sostible de, é dicir que o ritmo de explotación sexa inferior ao ritmo de rexeneración (árbores, auga subterránea, aire limpo).

Úsase o termo reserva cando nos referimos aos recursos que poden ser explotados coa tecnoloxía actual para ter un beneficio económico. É un concepto económico, mentres que recurso é un concepto xeolóxico.

Lompactos derivados da explotación dos recursos mais destacables son: Os causados pola explotación dos recursos minerais as explotacións a ceo aberto, que supoñen unha perda de

chan fértil e poden modificar a paisaxe dunha zona en poucos anos. Os impactos nas explotacións dos recursos enerxéticos, como pode ser a queima de combustibles fósiles que producen contaminantes e aumentan o efecto invernadoiro. Os producidos pola enerxía nuclear a consecuencia dos residuos radioactivos. Os ligados ao grande impacto paisaxístico da enerxía eléctrica, etc.

En Galicia sobresaíe o forte impacto das louseiras e canteiras.